

BANDO

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria do 17 de marzo, acordou a creación da **Comisión de Seguemento da situación de emerxencia xerada pola evolución do Coronavirus COVID-19**, que está formada polos membros da Xunta de Goberno Local:

- Alcalde: Felipe Labrada Reija
- Tenientes de Alcalde: Marcos Trashorras Reija, M^a Del Mar Gómez Gómez e José Luis Fernández López

Esta Comisión funcionará co obxecto de dar unha pronta solución aos diferentes problemas que poidan xurdir aos veciños.

Así mesmo, e á vista das recomendacións emitidas pola Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, e do bando desta Alcaldía de 16 de marzo, decídese:

- A continuidade da atención de axuda a domicilio: aseo, hixiene perosal e do entorno máis próximo, vestido, tratamentos e prestacións farmacéuticas, alimentación e sono.
- Instar aos veciños para que alerten aos servizos sociais sobre os casos que requiran atención, sinalando como teléfonos de contacto a estes efectos o 982302100 de 9 a 14 horas e o 699680132 a calquera hora.
- No suposto de que algún usuario non desexe a prestación da axuda a domicilio durante o estado de alarma, suspenderase a emisión dos recibos e readaptaranse as horas que queden libres para atender a outros usuarios.
- O concello porá os seus medios para a adquisición de medicamentos e alimentos a aquelas persoas que non poidan facelo por si mesmos. Tamén se levará comida preparada que estas persoas teñan adquirido en establecementos que se adiquen a estes servizos. Este servizos deben solicitarse de 9 a 14 no teléfono 982302100 ou no 620731543.
- As oficinas municipais permanecerán pechadas ao público, se ben permanecerá unha soa persoa no seu interior para atención telefónica e trámites urxentes e inaprazables. Prégase non acudir ás oficinas agás en caso de extrema urxencia e sempre contactando previamente por teléfono. Utilicen a sede electrónica para os seus trámites sempre que sexa posible: <http://concellodocorgo.sedelectronica.gal>
- O alcalde ponse a disposición de todos os veciños para calquera dúbida ou necesidade no seu teléfono 699680132

